

Unha vez que se procede á votación, polo Sr. Alcalde proclamouse o acordo adoptado.

O que se fai público en cumprimento do legalmente establecido, facendo constar que contra o presente acto, que pon fin á vía administrativa, de conformidade co establecido no art. 23 da Lei da xurisdición contencioso administrativa, poderase interpor recurso contencioso administrativo ante o Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, no prazo de dous meses, que comenzarn a contarse a partir do día seguinte ao da súa publicación no BOP. Todo elo sen prexuízo da interposición de calquera outro recurso que se considere oportuno.

Friol a 12 de novembro de 2015.- O Alcalde, José Angel Santos Sánchez

R. 4203

LÁNCARA

Anuncio

Por resolución da alcaldía nº 227, de data 12 de novembro de 2015 aprobouse a resolución cuxa parte dispositiva transcribese literalmente:

Delegar no primeiro tenente alcalde, don Pablo Rivera Capón todas as facultades comprendidas no artigo 201 do real decreto do regulamento do dominio público hidráulicos e nomeadamente, convocar a Xunta Xeral a todos os interesados na Comunidade de Usuarios de “Vega Grande” de Pobra de San Xiao (Láncara) con cumprimento de todos trámites procedimentais establecidos no citado precepto.

Láncara a 12 de novembro de 2015.- O alcalde,

R. 4204

LUGO

Anuncio

A Xunta de Goberno Local en sesión celebrada o 18 de decembro de 2015, aprobou a forma de adxudicación mediante procedemento aberto para CONTRATACIÓN DA SUBMINISTRACIÓN E INSTALACIÓN DE EQUIPAMENTO INFORMÁTICO PARA O EDIFICIO DESTINADO A NOVAS TECNOLOXÍAS NA PRAZA ANXO FERNÁNDEZ GÓMEZ DE LUGO (Proxecto 13UR1101 URBAN Edificio novas tecnoloxías) E O CENTRO CULTURAL DO VELLO CÁRCERE (Proxecto 09UR2201 URBAN Centro Social e Cultural Antigo Cárcere). EXP. REF 33-2015.

Por medio deste anuncio dáse a coñece-la licitación conforme as seguintes características:

1.- Entidade adxudicadora.

a) **Organismo:** Excmo. Concello de Lugo.

b) **Dependencia que tramita o expediente:** Servizo de Contratación e Patrimonio.

2.- Obxecto do contrato.

a) **Descrición do obxecto:** subministración e instalación de equipamento informático para o edificio destinado a novas tecnoloxías na praza Anxo Fernández Gómez de Lugo e o centro cultural do vello cárcere

b) **Prazo de execución:** O prazo máximo para a realización da subministración e instalación do equipamento informático nos dous edificios aos que van destinados será de UN MES dende a data da formalización do contrato administrativo.

3.- Tramitación, procedemento e forma de adxudicación.

a) **Tramitación:** ordinario

b) **Procedimiento:** aberto

4.- Tipo de licitación

a) **Orzamento máximo do Contrato:** O valor estimado do contrato ascende á cantidade de 68.000 euros. O presuposto total, con IVE (21%: 14.280 €) é de 82.280 euros, coa seguinte distribución:

Subministración equipamento edificio novas tecnoloxías: 60.000 euros, mais 21%IVE (12.600 €), total 72.600 euros.

- Subministración equipamento Centro Social e Cultural Antigo Cárcere: 8.000 euros, mais 21%IVE (1.680 €), total: 9.680 euros.

5.- Garantías:

a) **Definitiva:** 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE,

6. Obtención de documentación e información.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo, Servizo de Contratación e Patrimonio.
- b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197.
- c) **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002
- d) **Teléfonos:** (982) 29-73-01, 29-71-45.
- e) **Telefax:** (982) 29-72-59.
- f) **Dirección internet:** www.lugo.gal (Zona de servicios: perfil do contratante)
- g) **Data límite de obtención de documentos e información:** Ata o remate do prazo de presentación de proposicións.

7.- Requisitos específicos do contratista.

- a) **Outros requisitos:** Os sinalados no prego de condicións

8.- Presentación de ofertas ou das solicitudes de participación.

- a) **Data límite de presentación:** 15 días naturais contados a partires da data de publicación deste anuncio no Boletín Oficial da Provincia de Lugo. No caso de que o último día coincidise en sábado ou festivo, prorrogarase ata o seguinte día hábil.

- b) **Documentación que hai que presentar:** A que figura na cláusula décima do prego de condicións.

c) Lugar de presentación:

1ª **Entidade:** Concello de Lugo, Oficina de Rexistro ou ben nos lugares legalmente establecidos.

2ª **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197

3ª **Localidade e c.p.:** Lugo, 27002

- d) **Prazo durante o cal o licitador estará obrigado a mante-la súa oferta (concurso):** 2 meses.

9.- Apertura das ofertas.

- a) **Entidade:** Concello de Lugo

b) **Domicilio:** Ronda da Muralla, 197 (3ª Planta)

c) **Localidade:** Lugo

d) **Data:** ó segundo día natural ó remate do prazo de presentación de proposicións. Se dito día coincidise en sábado ou festivo a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

10.- Outras informacións: As que se recollen no prego de condicións.

11.- Gastos dos anuncios: 75,4 euros que serán por conta dos adxudicatarios.

Lugo, 23 de novembro de 2015.- O ALCALDE, TENENTA-ALCALDE DA AREA, DE ECONOMIA, EMPREGO E DESENVOLVEMENTO ECONÓMICO, Ana Prieto Nieto

R. 4264

PANTÓN*Anuncio*

O Pleno da Corporación na sesión ordinaria celebrada o día 16 de novembro de 2015 adoptou o acordo de aprobación provisional da modificación da Ordenanza núm. 7 reguladora do Imposto de Bens Inmобles.

O expediente sometese a información pública e audiencia dos interesados na Secretaria Municipal, por un prazo de trinta días hábiles, contados a partir do seguinte a data de publicación deste anuncio no BOP, para que podan presentar reclamacións e suxerencias, e entendéndose elevado a definitivo o precitado acordo no caso de non formularse reclamacións ou alegación contra o mesmo durante o prazo referido, sen necesidade de novo acordo plenario, e debendo ser publicado o acordo definitivo e o texto integro, para a súa entrada en vigor, no BOP.